

A Escola na cidade

Concertos Públicos EAEM 2024



CONCERTO EXTRAORDINARIO

FIN DE CURSO

Curso Avanzado de Especialización Orquestral

Xoves 6 de xuño de 2024

Teatro Principal | **20.00 h** | Sebastian Zinca, director

**ESCOLA DE
ALTOS ESTUDOS
MUSICAIS**


CONCELLO DE
SANTIAGO

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

SERGIO RODRÍGUEZ (2000 -)

Elexía, canción e danza

Sergio Rodríguez, óboe

JEAN FRANCAIX (1912 - 1997)

Dobre concerto para frauta e clarinete e orquestra

Adagieto

Andante

Scherzando

Rondo

Marta Zlatkovic, frauta

Víctor Lardiés, clarinete

RICHARD STRAUSS (1864 - 1949)

Concerto n1 para trompa e orquestra

Allegro

Andante

Rondo-Allegro

Pablo de Miguel, trompa

CAMILLE SAINT-SAËNS (1835 - 1921)

Introdución e Rondo Capriccioso

David Poghosyán, violín

Real Filharmonía De Galicia

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Sebastian Zinca director

Sebastian Zinca é o Director Asistente da Real Filharmonía de Galicia durante o ano 2024, no que traballa en estreita colaboración co Director Titular Baldur Brönnimann.

Recentemente, trala súa participación na Academia do Festival de Lucerna no verán de 2023, foi convidado de novo a dirixir un obradoiro e un concerto coa Orquestra da Academia nos veráns de 2024 e 2025. Recibiu tamén a medalla de prata no Terceiro Concurso Internacional de Dirección Antal Doráti en Budapest, e a bolsa Joan W. Harris no Festival de Música de Aspen. Como director asistente traballou con Mark Wigglesworth no Teatro Real de Madrid na produción de Barrie Kosky de O Nariz de Shostakovich, e con Nicholas Collon e a Orquestra Sinfónica da Radio Finlandesa.

Especialmente apaixonado pola ópera, Zinca dirixiu producións de Suor Angelica de Puccini, L'Amico Fritz de Mascagni, O Diario de Ana Frank de Frid e Alcina de Haendel, esta última interpretada con instrumentos de época. En 2022 foi un dos catro directores mozos de todo o mundo elixidos para dirixir un acto de A Bohème en concerto coa Orquestra Filarmónica de Gran Canaria, e na Academia Europea de Música de Teplíce recibiu o Premio do Presidente polo seu traballo en Così fan tutte.

ALUMNOS SOLISTAS

Sergio Rodríguez óboe

Natural de Bandeira (Silleda), comeza os seus estudos de óboe na Escola da Banda Recreativa e Cultural de Bandeira á idade de 8 anos con Benxamín Otero, co que completa tamén os seus estudos de Grao Profesional no Conservatorio Profesional de Lalín. Estuda o Grao Superior no Conservatorio Superior da Coruña con Ismael Vaquero, rematando no ano 2023 coas máis altas cualificacións.

Tamén asistiu a clases con mestres como Washington Barella, Casey Hill, David Villa ou José Antonio Masmano. Ten colaborado coa Banda Municipal de Santiago de Compostela e coa Orquestra Gaos entre outras moitas agrupacións. Ademais de oboísta, destacan as súas facetas de compositor, director e poeta, tendo no seu haber varios premios e publicacións.

Marta Zlatkovic flauta

Marta Zlatkovic naceu en Jagodina, Serbia, onde comezou a súa educación musical nunha escola de música local. Rematou a escola primaria co título da mellor alumna da súa xeración e continuou a súa educación musical na escola secundaria de música en Nis, Serbia. No 2018 ingresou na Academia das Artes de Novi Sad, Serbia, onde se graduou en 2022. En 2021 pasou un semestre estudando no Conservatorio Superior de Música de Vigo como parte do programa Erasmus+. Recibiu bolsas pra participar en clases maxistras en toda Europa, onde tivo a oportunidade de traballar con eminente profesorado como Marina Picinini, Mario Caroli, Carol Wincenc, Carlo Jans, Jean-Claude Gérard, Adriana Ferreira, Lady Jeanne Galway ou Heather Clark.

Víctor Lardiés

clarinete

Natural de Estella-Lizarra (Navarra), completa os seus estudos de Grao Medio con Premio Fin de Grao e obtén o seu diploma de Grao en MUSIKENE con Matrícula de Honra como alumno de José Luis Estellés e Antony Pay. No 2023 finaliza o Máster de Interpretación Musical na Hochschule der Künste Bern (Suíza) como alumno de clarinete e clarinete baixo de Ernesto Molinari. Foi membro de agrupacións orquestrais como JONDE, OJEX, EGO, Neue Philharmonie München, JOSCAN e JOL, entre outras e desde 2018 ata 2021 foi academista xunto á Orquesta Ciudad de Granada. Colabora con agrupacións como Berner Symphonierochester e participa en ciclos e festivais de renome internacional como Acht Brücken 2023 (Colonia), Warschau Autumn 66 (Varsovia), Ensemble Recherche Akademie Woche 2020 (Friburgo), AIMS Festival 2023 (Cataluña) e Palytime Festival 2022 (Berna), entre outros.

David Poghosyán

violín

Nace na Coruña no 1998 e entre 2010 e 2017 cursa a especialidade de violín no Conservatorio Profesional da Coruña. No ano 2018 participa no Festival Internacional "Buchenau Primavera 2018" así como no "Musiktage am Rhein" de Alemaña e no segundo Ciclo "Novos Talentos Musicais" organizado por Compostela Sound.

Ao longo dos anos de estudo participa en innumerables clases maxistras con profesores de renome, tales como Boris Garlitsky, Dmitri Sitkovetsky, Lev Chistyakov, Amauri Coeytaux e outros.

Entre o 2019 e o 2023 é estudante da Universidade Estatal de Música e Artes Escénicas (HMDK) de Stuttgart, Alemaña.

Pablo de Miguel

trompa

Natural de Alcorcón (Madrid), comeza os seus estudos no Conservatorio Manuel de Falla da súa localidade natal. Tras iso, realiza o grao superior en interpretación no Conservatorio Superior de Castilla y León da man de José Miguel Asensi e Miguel Ángel Martínez, graduándose coas máis altas cualificacións. Tras unha bolsa Erasmus na Hochschule für Musik Leipzig, finaliza o Máster en Interpretación con José Vicente Castelló na Hochschule für Musik Freiburg. Formou parte de numerosas orquestras novas españolas, entre as que se inclúen a JORCAM, a OJEX e a JONDE, participando no proxecto de intercambio coa Wiener Jeunesse Orchester. Tamén tocou como solista coa Orquesta Barroca do Coscyl e participou no programa de música de cámara "BIP" do Conservatorio Giuseppe Verdi de Milán.

Concertos Fin de Curso do alumnado do Curso Avanzado de Especialización Orquestral

Auditorio da EAEM | 20.30 h

Como colofón dos seus estudos, cada un dos alumnos do Curso Avanzado de Especialización Orquestral participa nestes concertos públicos realizando unha interpretación solista destacada.

Luns 10 de xuño de 2024

Teresa Barcelona Soria violín

Obras de Wolfgang Amadeus Mozart
e Ludwig van Beethoven

Gema Gallardo Cano viola
Jordi Villanueva Castillo violonchelo

Obras de Ludwig van Beethoven e Johannes Brahms

Luns 17 de xuño de 2024

Roger Beroy Andreu violín

Obras de Piotr Ilich Tchaikovsky e Roger Beroy

Josep Ernesto Ruiz Alfonso viola

Obras de Cezar Franck

Martes 11 de xuño de 2024

Marta Zlatkovic fraute

Obras de Olivier Messiaen, Johann Sebastian Bach
e Cécile Chaminade

Emilio Ubach Aixa violonchelo

Obras de Joseph Haydn e Antonin Dvorak

Martes 18 de xuño de 2024

Iker Iriondo Erauskín percusión

Obras de Swerve. G. Koshinski
e Johann Sebastian Bach, entre outros

Joel Doraci Gjata violín

Obras de Wolfgang Amadeus Mozart,
Ludwig van Beethoven e Pablo Sarasate

Mércores 12 de xuño de 2024

Victor Lardiés Isaba clarinete

Obras de Robert Schumann, Claude Debussy
e Jörg Widmann

Sergio Rodríguez Pena óboe

Obras de Richard Strauss, Johann Sebastian Bach
e Antonio Pasculli

Mércores 19 de xuño de 2024

Pablo Martínez Peiró trompeta

Obras de Joseph Haydn e Georg Philipp Telemann

Pablo de Miguel Sánchez trompa

Obras de Elsa Barraine e Richard Strauss

Venres 14 de xuño de 2024

Jordi Villanueva Castillo violonchelo

Obras de Frédéric Chopin

David Poghosyan violín

Obras de Wolfgang Amadeus Mozart
e Johannes Brahms